



O Campionato disputábase no Grove, o pasado 4 de novembro.

FELIPE LAGO, NOVO CAMPIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NA MODALIDADE DE CAZA MENOR CON CAN

Felipe Lago Oliveira, da Sociedade de Caza *A Rosaleña*, proclamouse Campión Provincial de Caza Menor con Can, na competición disputada o pasado 4 de novembro no tecor da Sociedade de Caza San Martín de O Grove.

Lago Oliveira, resultou vencedor tras cobrar 1 coello (350 puntos). Segundo foi, Carlos Vicente Melo, da Sociedade *A Tomiñesa* tamén con 1 coello (350 puntos), o terceiro lugar era para Moisés Mariño Melo tamén da Sociedade *A Tomiñesa* con 2 torcaces (300 puntos), mentres que a cuarta praza ocuparía Gustavo Martínez Pérez da Sociedade de Caza *As Tres Bes*, cunha peza (175 puntos).

A organización correu a cargo da Federación Galega de Caza en Pontevedra, en colaboración coa sociedade de Cazadores San Martín de O Grove.



Os 6 cazadores clasificados para o Campionato Galego de caza menor

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com